



SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 1- LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. Segundo o artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, só mediante lei, e nas condicións establecidas neste artigo, poderán incluírse no procedemento administrativo:

- a) Trámites adicionais ou distintos aos recollidos nesta lei.
- b) Especialidades do procedemento referidas a formas de iniciación e terminación.
- c) Especialidades do procedemento referidas a publicación.

2. Segundo o artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as entidades de dereito privado dependentes das administracións públicas quedarán suxeitas ao disposto nesta lei:

- a) Só cando exerzan potestades administrativas.
- b) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas e, en todo caso, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Cando as normas desta lei se refiran especificamente a estas, pero non cando exerzan potestades administrativas.

3. Segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os grupos de afectados terán capacidade de obrar:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Cando a lei así o declare tacitamente.
- c) Sempre e en todo caso.

4. O artigo 3 da Lei 39/2015 manifesta que, para os efectos previstos nesta lei, terán capacidade de obrar ante as administracións públicas:

- a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan capacidade de obrar conforme ás normas administrativas.
- b) Os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación non estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.
- c) Os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, cando a lei así o declare expresamente.

5. Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan intereses lexítimos colectivos e poidan resultar afectados pola resolución.
- b) Aqueles cuxos intereses lexítimos colectivos poidan resultar afectados pola resolución e se constituán en parte no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos colectivos poidan resultar afectados pola resolución e se constituán en parte no procedemento en tanto non se iniciase.

6. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a representación dos interesados con capacidade de obrar presumirase para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables.
- c) Os actos e xestións de mero trámite.



SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

7. A Lei 39/2015, no seu artigo 5, prevé que deberá incorporar ao expediente administrativo a acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos nese momento:

- a) O órgano competente para a iniciación do procedemento.
- b) O órgano competente para a resolución do procedemento.
- c) O órgano competente para a tramitación do procedemento.

8. Segundo o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os poderes inscritos no rexistro de apoderamento terán unha validez determinada máxima:

- a) De cinco anos computables desde a data de inscrición.
- b) De catro anos computables desde a data de inscrición.
- c) De tres anos computables desde a data de inscrición.

9. Segundo o artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude figuren varios interesados, as actuacións a que dea lugar efectuaranse:

- a) Co representante.
- b) Co que figure en primeiro termo.
- c) Co que teña capacidade de obrar.

10. Segundo o artigo 8 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, referido aos novos interesados no procedemento, cal das seguintes condicións debe darse no procedemento para lles comunicar a outras persoas a tramitación deste?:

- a) Que sexan titulares de intereses lexítimos indirectos.
- b) Que poidan resultar afectados pola proba practicada.
- c) Que o procedemento non tivese publicidade.

11. Segundo o artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo proba en contrario, a aceptación dalgún dos sistemas de identificación electrónica dos interesados no procedemento pola Administración xeral do Estado servirá para:

- a) Acreditar fronte a todas as administracións públicas a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.
- b) Acreditar só fronte ás administracións autonómicas a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.
- c) Acreditar só fronte ás administracións locais a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.

12. Segundo o artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar:

- a) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, aínda que non acredite a integridade e a inalterabilidade do documento.
- b) A autenticidade da expresión da súa vontade ou a integridade.
- c) A autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.



SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

13. Segundo o artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Formular alegacións.
- c) Presentar documentos adicionais.

14. De conformidade co previsto no artigo 13 da Lei 39/2015, os que de conformidade co artigo 3 teñen capacidade de obrar ante as administracións públicas son titulares, nas súas relacións con elas, dos seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):

- a) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no resto do ordenamento xurídico.
- b) A ser asistidos no uso das linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
- c) A comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración.

15. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o medio elixido pola persoa para comunicarse coas administracións públicas, sexa ou non sexa electrónico, poderá ser modificado por aquela:

- a) Só no momento da presentación da solicitude.
- b) Só no momento de rexistro da solicitude.
- c) En calquera momento.

16. Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) As entidades sen personalidade xurídica.
- b) Quen represente unha persoa física.
- c) As persoas físicas en todo caso.

17. Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se concorresen varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en:

- a) Galego.
- b) Castelán.
- c) En ambas as dúas por duplicado.

18. O artigo 15 da Lei 39/2015 establece que, se concorresen varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua:

- a) O procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.
- b) O procedemento tramitarase na lingua elixida por eles, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán en castelán.
- c) Tanto o procedemento coma os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.





SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

19. Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as disposicións de creación de rexistros electrónicos especificarán, en todo caso:

- a) A data oficial, a hora aproximada e os días declarados como festivos.
- b) A data e a hora oficial e só os días declarados como festivos nacionais.
- c) A data e a hora oficial e os días declarados como inhábiles.

20. Segundo o artigo 17 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cada Administración deberá manter:

- a) Varios arquivos electrónicos dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados.
- b) Un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados.
- c) Un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en curso.

21. Segundo o artigo 18 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel teñen:

- a) O deber de proporcionarlos á Administración actuante.
- b) O deber de comunicarllo a esa persoa.
- c) O dereito a non declaralo á Administración actuante.

22. Segundo o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, as administracións públicas entregaranlle ao interesado:

- a) Certificación acreditativa da comparecencia aínda que non o solicite.
- b) Xustificación da comparecencia só cando o solicite o representante.
- c) Certificación acreditativa da comparecencia cando así o solicite.

23. Ao regular a responsabilidade da tramitación, o artigo 20 da Lei 39/2015 prevé que serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos:

- a) Os titulares das direccións xerais e o persoal ao seu servizo que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos.
- b) Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos.
- c) Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que tivesen ao seu cargo a tramitación ou o impulso dos asuntos.

24. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa:

- a) Non poderá exceder de tres meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- b) Non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- c) Non poderá exceder de nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.





SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

25. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos previstos neste artigo para a resolución expresa e a notificación contaránse:

- a) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data do acordo de iniciación.
- b) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data do feito que dá lugar ao procedemento.
- c) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data de reclamación de documentación.

26. Segundo o artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en cal dos seguintes casos se suspenderá o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución?:

- a) Cando deba requirirse a calquera interesado para a corrección de deficiencias ou a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios.
- b) Cando deba obterse un pronunciamento previo e preceptivo dun órgano da Unión Europea.
- c) Cando unha Administración pública requira a outra para que anule ou revise un acto que entenda que é ilegal e que constituía a base para o que a primeira haxa de ditar no ámbito das súas competencias.

27. Segundo o artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos para resolver e notificar do procedemento administrativo:

- a) Cabe recurso de reposición.
- b) Cabe recurso de alzada.
- c) Non caberá recurso ningún.

28. Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados a instancia do interesado, a estimación por silencio administrativo ten, para todos os efectos, a consideración de:

- a) Acto administrativo finalizador do procedemento.
- b) Só lles permite aos interesados a interposición do recurso administrativo.
- c) Só lles permite aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

29. De conformidade co indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa:

- a) Lexitima o interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- b) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- c) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, mesmo aínda cando unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.





SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

30. Segundo o artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio nos que a Administración exercite potestades sancionadoras, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa:

- a) Producirá a desestimación por silencio administrativo.
- b) Producirá a caducidade.
- c) Producirá a prescrición.

31. Segundo o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para ser considerados válidos, os documentos electrónicos administrativos deberán:

- a) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron publicados.
- b) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron realizados.
- c) Incorporar unha referencia temporal do momento en que foron emitidos.

32. Segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as comunidades autónomas poderán realizar copias auténticas:

- a) Mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada.
- b) Mediante funcionario habilitado, pero non mediante actuación administrativa automatizada.
- c) Mediante calquera funcionario, sen necesidade de habilitación.

33. Segundo o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non cabe a oposición do interesado a que a Administración actuante poida consultar ou solicitar documentos elaborados por calquera outra Administración:

- a) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades de fomento.
- b) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras.
- c) Cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades de organización.

34. Segundo o artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan:

- a) Só ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos.
- b) Só aos interesados na tramitación dos asuntos.
- c) Ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nestes.

35. Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos expresados en horas:

- a) Non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas.
- b) Non poderán ter unha duración superior a corenta e oito horas.
- c) Non poderán ter unha duración superior a setenta e dúas horas.



SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

36. Sinale a resposta correcta de acordo co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015:

- a) Se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o primeiro día do mes seguinte.
- b) Cando os prazos se sinalasen por días naturais por decláralo así unha lei ou polo dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.
- c) Cando un día fose hábil no municipio ou comunidade autónoma en que residise o interesado e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase hábil en todo caso.

37. Segundo o artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no funcionamento do rexistro electrónico permitírase a presentación de documentos:

- a) Todos os días do ano durante as vinte e catro horas.
- b) Só os días hábiles do ano durante as vinte e catro horas.
- c) Só os días laborais do ano durante as vinte e catro horas.

38. Segundo o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ampliación dos prazos polo tempo máximo permitido aplicarase en todo caso:

- a) Aos procedementos tramitados por oficinas de rexistro.
- b) Aos procedementos tramitados polas oficinas de inspección.
- c) Aos procedementos tramitados polas oficinas consulares.

39. Segundo o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a decisión sobre a ampliación dun prazo deberá producirse, en todo caso:

- a) Antes do vencemento do prazo de que se trate.
- b) Antes do vencemento do prazo de resolución do procedemento.
- c) Antes do vencemento do prazo de caducidade do procedemento.

40. Segundo o artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, por razóns de interese público, implica que:

- a) Se reducirán á metade todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario, incluídos os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- b) Se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- c) Se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de informes e recursos.

41. Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- a) Os actos que se separen do ditame de órganos consultivos.
- b) Os actos de aplicación da tramitación simplificada.
- c) Os actos que acepten probas propostas polos interesados.



SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

42. Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, efectuarase e asinarase:

- a) Polo titular do órgano superior e polo funcionario que a reciba oralmente.
- b) Polo titular do órgano inferior ou polo funcionario que a reciba oralmente.
- c) Polo titular do órgano que dita o acto ou polo funcionario habilitado do rexistro.

43. Dentro da regulación da eficacia dos actos, o artigo 37 da Lei 39/2015 dispón que:

- a) As resolucións administrativas de carácter xeral non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter particular, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- b) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- c) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.

44. Ao falar dos efectos dos actos, o artigo 39 da Lei 39/2015 dispón que:

- a) Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.
- b) Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos nulos de pleno dereito.
- c) Como regra xeral, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.

45. Segundo o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, a notificación farase, en calquera caso:

- a) Por medio dun anuncio publicado no taboleiro de anuncios do concello.
- b) Por medio dun anuncio publicado no diario oficial da provincia.
- c) Por medio dun anuncio publicado no *Boletín Oficial do Estado*.

46. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados prescindindo total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados serán:

- a) Nulos de pleno dereito.
- b) Anulables.
- c) Validables.

47. De acordo coa dicción do artigo 48 da Lei 39/2015:

- a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
- b) Non obstante, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.
- c) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará, en todo caso, a nulidade do acto.





SUBGRUPO A2-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

48. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos nulos de pleno dereito, emendando os vicios que teñan.
- b) Os actos anulables, emendando os vicios que teñan.
- c) Non pode validar ningún tipo de acto.

49. Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aínda cando o interesado resulte obrigado a recibir as notificacións por medios electrónicos, en que caso poderán as administracións practicar a notificación por medios non electrónicos?:

- a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a notificación persoal nese momento.
- b) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia do interesado nas oficinas de asistencia en materia de rexistro, aínda que non solicite a notificación persoal nese momento.
- c) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia a requirimento do órgano instrutor do interesado nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

50. Segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de:

- a) Cinco días a partir da data en que o acto fose publicado.
- b) Dez días a partir da data en que o acto fose ditado.
- c) Vinte días a partir da data en que o acto fose ditado.

